

PLAN DE CONVIVENCIA

CEIP de Fonte Escura

Data de aprobación: 15/10/2019

Data 1ª revisión:

Data 2ª revisión:

Segundo o punto 1 do artigo 11º do Decreto 8/2015, o pian de convivencia do centro é o documento no cal se articula a convivencia escolar, que garante unha educación no exercicio dos dereitos e das liberdades dentro dos principios democráticos de convivencia, así como na prevención de conflitos e na súa resolución pacífica.

A estrutura do presente pian de convivencia responde ao establecido no Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.

Este documento intégrase no PEC.

A concreción anual do mesmo incluírase na PXA.

Foi elaborado polo equipo directivo e a comisión de convivencia.

Tivo en conta propostas do claustro.

Foi aprobado polo Consello Escolar e pola Dirección do centro.

Táboa de contido

1.	ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO	3
2.	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	3
3.	DESCRIBIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS.	6..
3.1.	ACTUACIÓNS PREVENTIVAS	6..
3.1.1.	ACTIVIDADES DE ACOLLIDA.....	7
3.1.2.	ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN FRONTE AO ACOSO E A INTIMIDACIÓN ENTRE IGUAIS	10
3.1.3.	ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN NA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO	11
3.1.4.	ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN NA NO DISCRIMINACIÓN	12
3.1.5.	MEDIDAS ORGANIZATIVAS	13
3.2.	ACTUACIÓNS FORMATIVAS	16
3.3.	PROGRAMAS DE MELLORA DA CONVIVENCIA.....	17
3.4.	MEDIDAS COMPLEMENTARIAS PARA A MELORA DA CONVIVENCIA	19
3.5.	AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA	19
3.5.1.	CRITERIOS E CONDICIÓNS	19
3.5.2.	ACTUACIÓNS QUE SE DESENVOLVERÁN	20
3.5.3.	PROFESORADO QUE ATENDERÁ A AULA DE CONVIVENCIA.....	21
3.5.4.	ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	22
3.5.5.	HORARIO	22
3.5.6.	LOCALIZACIÓN, INSTALACIÓNS E MATERIAL DIDÁCTICO	22
3.6.	MEDIACIÓN ESCOLAR.....	23
3.6.1.	DIRECTRICES PARA A CREACIÓN DOS EQUIPOS DE MEDIACIÓN.....	23
3.6.2.	CARACTERÍSTICAS DO SEU FUNCIONAMENTO	24
3.6.3.	PAUTAS PARA DERIVAR UN CONFLITO CARA Á MEDIACIÓN.....	25
3.7.	ESCOLA DE NAIS E PAIS	25
3.8.	PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN E DOCUMENTOS.....	27
3.9.	OUTRAS ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS	28
4.	PROTOCOLO PARA SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.	28
4.1.	REALIZACIÓN DE CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN CONTRA O ACOSO ESCOLAR.....	30
4.2.	ESTABLECEMENTO DE CANLES ESPECÍFICAS QUE FACILITEN ÁS VÍTIMAS A EXTERIORIZACIÓN DAS SITUACIÓNS DE ACOSO.....	31

4.3. DETERMINACIÓN DAS MEDIDAS QUE DEBEN ADOPTARSE EN CASO DE SITUACIÓN DE ACOSO	32
5. RESPONSABLES, PERSOAS DESTINATARIAS E PROCEDEMENTOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO	38
6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO	39
7. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS	46
7.1. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS E CORRECCIÓNS.....	46
7.2. CONDUCTAS LEVEMENTE PREXUDICIAIS E CORRECCIÓNS	48
8. NORMAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA	49
9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA	51
10. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN.....	54
11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.....	55

1. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO.

*Ver enquisas nos anexos.

2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO PLAN DE CONVIVENCIA.

O plan de convivencia recolle e desenvolve os fins e principios establecidos no artigo 3 da Lei 4/2011 e deberá contribuír á consecución dos obxectivos xerais marcados no artigo 12 do Decreto 8/2015.

A partir destes obxectivos xerais, fórmulanse os obxectivos específicos que o centro se propón acadar na mellora da convivencia, derivados da análise previa. Estes obxectivos específicos recóllense na seguinte táboa:

Fins e principios da convivencia (artigo 3 da Lei 4/2011)	Obxectivos xerais (artigo 12 do Decreto 8/2015)	OBXECTIVOS ESPECIFICOS
d) O recoñecemento ao profesorado, en especial aos membros dos equipos directivos dos centros docentes, das facultades precisas para previr e corrixir as condutas contrarias á convivencia, así como da protección xurídica adecuada ás súas funcións.	a) Facilitarlles aos órganos de goberno e ao profesorado instrumentos e recursos en relación coa prevención da violencia e a mellora da convivencia no centro.	1. Promover a formación do profesorado en materia de convivencia divulgando a información achegada pola consellería, facilitando a asistencia a actividades de formación, dando a conocer el plan de convivencia, e incluíndo esta temática no PFPP do centro. 2. Difundir, entre o profesorado, os protocolos elaborados pola consellería de educación, universidade e formación profesional da Xunta de Galicia con fin de actuar na mesma dirección e de forma coordinada.
a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar. g) Avanzar no respecto entre	b) Concienciar e sensibilizar a comunidade educativa sobre a importancia dunha adecuada convivencia escolar e sobre os procedementos para melloralala e	3. Incluír nas normas de organización e funcionamento do centro medidas de carácter organizativo que posibiliten a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de

<p>todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.</p> <p>h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que intervet'ien na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.</p>	<p>acadar un ambiente educativo que permita o óptimo aproveitamento dos recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado.</p>	<p>risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase.</p> <p>4. Acoller ao profesorado, personal non docente, alumnado e familias que chegan ao centro facilitándolles información básica sobre a vida do centro.</p>
<p>b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.</p> <p>f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.</p>	<p>c) Fomentar nos centros educativos os valores, as actitudes e as prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas e avanzar no respecto á diversidade e no fomento da igualdade entre homes e mulleres.</p>	<p>5. Favorecer o traballo conxunto do alumnado das aulas específicas de Educación Especial co alumnado das aulas ordinarias, nas áreas nas que integran, en actividades puntuais e en actividades complementarias e extraescolares.</p>
<p>f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.</p> <p>g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.</p>	<p>d) Facilitar a prevención, a detección, o tratamento, o seguimento, a xestión e a resolución dos conflitos que se poidan producir no centro e aprender a utilizarlos como fonte de experiencia e aprendizaxe.</p>	<p>6. Levar a práctica actuacións, dentro do contrato-programa para a me¹¹ ora^d a convivencia e promoción da igualdade, como os patios dinámicos e a horta inclusiva.</p> <p>7. Utilizar a aula de convivencia inclusiva para reconducir condutas disruptivas e favorecer actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia</p>
<p>c) A prevención e o tratamento das situacións de acoso escolar mediante medidas eficaces.</p>	<p>e) Facilitar a prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.</p>	<p>8. Establecer canles para comunicar posibles situacións contrarias a convivencia (titorías e caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro).</p> <p>9. Organizar actividades de sensibilización fronte ao acoso, a violencia de xénero ou a discriminación a través dos equipos docentes (TIC, Biblioteca, EDLG, ACE) e/ou con outras entidades (por exemplo, Fundación Secretariado</p>

		Xitano).
<p>f) Promover a resolución pacífica dos conflitos e fomentar valores, actitudes e prácticas que permitan mellorar o grao de aceptación e cumprimento das normas, avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e a mellora da convivencia escolar.</p> <p>g) Avanzar no respecto entre todos os membros da comunidade educativa e na mellora da convivencia escolar.</p>	<p>f) Facilitar a conciliación ou a mediación para a resolución pacífica dos conflitos.</p>	<p>10. Formar un equipo de mediación escolar para promover a resolución pacífica de conflitos baseada no diálogo entre iguais.</p>
<p>a) A garantía dun ambiente educativo de respecto mutuo que faga posible o cumprimento dos fins da educación e que permita facer efectivo o dereito e o deber de aproveitar de xeito óptimo os recursos que a sociedade pon á disposición do alumnado no posto escolar.</p> <p>h) A promoción da sensibilización dos distintos sectores que interveñen na educación sobre a importancia da convivencia como parte fundamental para o desenvolvemento persoal e social do alumnado.</p>	<p>g) Contribuir desde o ámbito da convivencia á adquisición das competencias básicas, particularmente das competencias social e cidadá e para a autonomía e iniciativa persoal.</p>	<p>11. Desenvolver, dende o Departamento de Orientación, un programa para a mellora da convivencia que inclúa o traballo de habilidades sociais, autoccepto e autoestima, xestión de conflitos, dinámica de grupos, traballo cooperativo e educación afectivo-sexual.</p> <p>12. Preparar actividades conxuntas intercentros, que favorezan o contacto con alumnado doutros centros.</p>
<p>e) A corresponsabilidade das nais e pais ou das titoras ou titores no mantemento da convivencia nos centros docentes, como un dos principais deberes que lles corresponden en relación coa educación dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.</p>	<p>h) Fomentar e facilitar a participación, a comunicación e a cooperación das familias no mantemento da convivencia nos centros docentes.</p>	<p>13. Realizar actividades conxuntas coas familias: festividades, contacontos, merendas e/ou similares.</p> <p>14. Propoñer a posta en marcha dunha escola de nais e pais.</p>
<p>b) A educación no respecto dos dereitos e liberdades fundamentais, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas.</p>	<p>i) Establecer, incrementar e consolidar as relacións con entidades e institucións do contorno que contribúan á construción de comunidades educadoras e a unha convivencia de calidade que potencie os dereitos e as liberdades fundamentais.</p>	<p>15. Elaborar actividades en colaboración con entidades da contorna próxima e outras institucións, por exemplo, residencia de maiores de Barreira, asociación veciñal cultural e deportiva de Lavadores, APAMP (Asociación de familias de personas con parálisis cerebral).</p>

3. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS OU PROGRAMAS.

Este epígrafe describe as actuacións, medidas ou programas que se van desenvolver para favorecer a convivencia, incluíndo **medidas preventivas, reeducadoras e correctoras**, así como **medidas de sensibilización e actuacións organizativas, curriculares e de coordinación**, entre outras. (Artº 13, c do D. 8/2015)

3.1. ACTUACIÓNS PREVENTIVAS

As actuacións dirixidas á prevención das conductas contrarias ás normas de convivencia inclúen a difusión de normas e accións de sensibilización e protocolos de detección temperá (D. 8/2015).

Con carácter preventivo e para a detección da conflictividade, adoptaránse as seguintes medidas:

- **Actividades de acollida:**

- o Para o alumnado e as familias que chegan por primeira vez ao centro. Terase en conta a **flexibilización do alumnado de 3 anos** durante os primeiros días do curso.
- o Para o profesorado e o personal non docente que se incorpora ao seu posto de traballo no centro. Amosarase o centro e **facilitarase a información sobre organización e funcionamento**.
- o Para todo o alumnado. Farase **apresentación dos novos mestres/as e dos horarios** do novo curso. De ser o caso, presentaranse os cambios de espazos u organización.
- o **Difusión das normas de convivencia** a toda a comunidade educativa (alumnado, familias e persoal docente e non docente do centro) para previr conductas contrarias a ditas normas. Ademais das normas de convivencia xerais do centro, cada titor/a establecerá as **normas de funcionamento da aula facendo partícipe ao alumnado** na súa elaboración.

- **Actividades de sensibilización:**

- o Fronte ao acoso escolar e a intimidación.

- o En torno a igualdade entre homes e mulleres e fronte á violencia de xénero.
- o Fronte a calquera tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social. Atendendo ás características particulares do noso centro, prestarase especial atención ás actividades de sensibilización fronte á discriminación por razón de discapacidade.

Medidas organizativas, curriculares e de coordinación:

- o Organización de **espazos e tempos para favorecer o contacto** entre o alumnado de educación especial e o alumnado das aulas ordinarias.
- o **Integración do alumnado das aulas específicas** de educación especial na programación e desenvolvemento do currículo dalgunhas áreas, tendo en conta as estratexias metodolóxicas e de avaliación axeitadas para tal fin.
- o Desenvolvemento doutras **actuacións docentes de carácter puntual que integren ao alumnado das aulas específicas** de educación especial co alumnado do seu grupo ordinario de referencia.
- o Desenvolvemento de **actividades complementarias e extraescolares que permitan a participación conxunta de todo o alumnado:** alumnado de educación especial e alumnado da educación ordinaria.
- o **Difusión, entre o profesorado, dos protocolos** de detección temperá e doutros protocolos elaborados pola consellería de educación, universidade e formación profesional da Xunta de Galicia con fin de actuar na mesma dirección e de forma coordinada.

Nos seguintes apartados detállanse estas medidas.

3.1.1. ACTIVIDADES DE ACOLLIDA

As actividades do pian de acollida van dirixidas tanto para o alumnado que se matricula por primeira vez no centro e para as súas familias, como para todo o alumnado nos primeiros días de clase, e para o personal docente e non docente que se incorpora por primeira vez ao seu posto de traballo no centro. Desenvolverase do seguinte xeito:

1º) Reunión de benvida do claustro: O primeiro de setembro o equipo directivo dará a benvida a todo o personal docente. Ademais das **presentacións** que procedan, amosaranse as **instalacións** ao personal que se incorpore por primeira vez ao seu posto de traballo no centro e a xefatura de estudos fará **entrega dunha carpeta coa información básica sobre o funcionamento e organización** do centro (horario do centro, distribución de espazos, organización de gardas, entrada e saída do alumnado, ausencias e substitucións do profesorado, reunións coas familias, modelos de actas e autorizacións,...). Así mesmo, esta información enviarase por correo electrónico a todo o claustro. Nesta reunión inicial aproveitarase para resolver posibles dúbidas sobre organización e funcionamento do centro e facilitarse o acceso a todo o profesorado aos principais documentos de centro: PE, NOFC e Plan de convivencia (que permanecerán dispoñibles de forma permanente xunto co resto de documentos de centro). No caso de profesorado que se incorpora unha vez iniciado o curso (substitucións, interinidades,...) farase a mesma presentación e entrega da documentación de forma individual.

2º) Xornada de benvida para novo alumnado e familias: Sempre que sexa posible, antes do inicio das clases organizarase unha xornada de benvida para o alumnado da etapa de educación infantil que chega novo ao centro e para as súas familias. Nesta sesión de benvida o equipo directivo e/ou as persoas titoras amosarán os principais espazos nos que convivirán os seus fillos, fillas ou titorizados/as legais e explicarán ás familias os aspectos fundamentais de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia, tanto xerais do centro como particulares da aula. Durante esta xornada informarase sobre a posibilidade de flexibilización do alumnado de 3 anos durante os primeiros días do curso e, unha vez oídas as familias, acordarase o funcionamento deste **período de adaptación**. No caso de que exista alumnado novo na etapa de primaria, este alumnado e as súas familias serán invitadas a asistir a esta xornada de benvida. Para os alumnos e alumnas que se incorporen ao centro unha vez iniciado o curso, facilitarase a mesma información de forma individualizada.

En casos excepcionais, e debidamente xustificados dende o DO, poderá existir un período de adaptación como medida extraordinaria para algún caso moi concreto por

circunstancias que podemos considerar sobrevindas, e sempre previa autorización da familia.

No caso do alumnado estranxeiro, ademáis do referido no parágrafo anterior, facilitaráselle ás familias información sobre a organización e funcionamento do sistema educativo español. No momento da incorporación ao centro a persoa titora realizará unha avaliación inicial con carácter xeral para determinar posibles necesidades e, de ser o caso, corresponde ao Departamento de Orientación a realización da avaliación psicopedagóxica correspondiente, co fin de desenvolver as medidas específicas (Orde de 20 de febreiro de 2004 pola que se establecen as medidas de atención específica ao alumnado procedente do extranxeiro).

O obxectivo prioritario para este alumnado será o de favorecer a súa adaptación progresiva ao centro e fomentar actitudes de respecto para facilitar o proceso de inclusión. Para iso, sempre que sexa posible, a persoa titora preparará ao grupo-clase "falando ao grupo do novo compañeiro/a, explicando a súa orixe, nacionalidade e cultura e estimulando a acollelo dun xeito o máis positivo posible", tal e como se menciona no plan de acollida para alumnado procedente do extranxeiro editado pola Consellería de Educación (Xuntai de Galicia).

Finalmente, a persoa titora do alumno/a será a encargada da coordinación do equipo docente, asesorada, no seu caso, polo Departamento de Orientación (Orde de 20 de febreiro de 2004).

3º) Inicio das clases: o primeiro día do curso todo o alumnado do centro coñecerá aos seus titores/as. As persoas titoras serán as encargadas de **presentarse ao grupo** e facilitarlle, atendendo á súa idade, o **coñecemento das normas de convivencia**, tanto xerais do centro como particulares da aula, para previr conductas contrarias a ditas normas. Ademáis das normas de convivencia xerais do centro, cada titor/a elaborará de forma conxunta co alumnado as **normas de funcionamento da aula**. Paralelamente, e durante as primeiras semanas do curso, **as persoas titoras convocarán ás familias** co obxecto de presentarse e facilitar toda a información necesaria sobre a vida do centro, incluíndo as normas de convivencia e especificando os dereitos e deberes do alumnado e as correccións ou medidas reeducadoras que, de ser o caso, se apliquen. Nesta reunión inicial coas

familias a persoa titora entregará os modelos facilitados pola xefatura de estudos para recoller a seguinte información: dates de contacto, utilización dos servizos de transporte e comedor, presenza de alerxias e outras patoloxías, persoas autorizadas para a recollida do alumno/a, autorización de saídas na contorna próxima, autorización do uso da imaxe,... Estes documentos serán asinados polas familias ou titores/as legais e entregados ao titor/a do menor que, posteriormente, o fará chegar á xefatura de estudos.

3.1.2. ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN FRONTE AO ACOSO E A INTIMIDACIÓN ENTRE IGUAIS

Sen prexuízo do establecido de forma específica na Programación Xeral Anual (PXA) para cada curso escolar, no centro organizaranse as seguintes actividades para a sensibilización fronte aos casos de acoso e intimidación entre iguais, dirixidas á comunidade educativa:

Actividades de aula deseñadas polos mestres e mestras para desenvolver os contidos curriculares relacionados coa "cooperación e o diálogo como valores democráticos e recursos básicos na resolución pacífica de conflitos", "O respecto e a valoración dos e das demais. A empatía.", "A boa disposición para recibir e dar axuda.", "situacións de convivencia no contorno inmediato entre iguais", "A respectabilidade e a dignidade persoal", "Identificación e análise crítico das causas que provocan situacións de marxinação, de discriminación e de inxustiza social.", "Protección e amparo das persoas máis desfavorecidas", "A análise de feitos discriminatorios: maltrato.", "Conductas responsables no uso das TIC", especialmente na área de valores sociais e cívicos (D.105/2014).

Actividades diversas tendentes a salientar a importancia de conmemoracións como o Día Escolar da non Violencia e da Paz ou, dun xeito concreto, o Día Internacional contra o Acoso Escolar. Ao iniciarse o curso, decidirásese en claustro qué equipos docentes (TIC, Normalización LingOística, Actividades Complementarias e Extraescolares, Biblioteca,...) serán os encargados da programación destas actividades.

Divulgación de libros que aborden esta temática a través da biblioteca do colexio (inclusión nas maletas viaxeiras, exposición de libros nas mesas da biblioteca, reparto para a súa utilización na "hora de ler",...).

Divulgación entre o personal do centro do protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar e implementación das medidas que recolle dito documento.

3.1.3. ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN NA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES E ANTE A VIOLENCIA DE XÉNERO.

Con carácter xeral, adoptaránse as seguintes medidas:

Uso dunha linguaxe non sexista nos carteis e documentos de centro.

Selección de materiais didácticos sin estereotipos de xénero. Algúns criterios para esta selección son: presenza de homes e mulleres compartida, equilibrada e igualitaria; materiais que eviten representacións asociadas a patrones hexemónicos; recursos nos que figuren homes e mulleres compartindo os mesmos tipos de actividades, espazos e ámbitos.

Igualdade de trato e reparto equilibrado de tarefas e responsabilidades entre os alumnos e as alumnas.

De forma específica, levaranse a cabo:

Actividades de aula deseñadas polos mestres e mestras para desenvolver os contidos curriculares relacionados coa "igualdade entre homes e mulleres", a "igualdade de dereitos dos nenos e nenas", "igualdade de oportunidades", "desigualdades entre homes e mulleres no mundo laboral e na vida cotiá", "medidas que contribúen a un equilibrio de xénero", "linguaxe non discriminatoria" (D.105/2014).

Celebración, a nivel de centro, do Día Internacional contra a Violencia de Xénero e do Día Internacional da Muller. Cada ano, ao iniciarse o curso, decidirásese en claustro qué equipos docentes (TIC, Normalización LingOística, Actividades Complementary e Extraescolares, Biblioteca, ...) serán os

encargados de programar actividades para conmemorar estos días cunha celebración conxunta de todo o alumnado do centro.

Divulgación de libros que aborden esta temática a través da biblioteca do colexio (inclusión nas maletas viaxeiras, exposición de libros nas mesas da biblioteca, reparto para a súa utilización na "hora de ler",...).

Outras actividades de sensibilización programadas pola persoa nomeada como responsable de igualdade no centro.

3.1.4. ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN NA NON DISCRIMINACIÓN

Este apartado refírese ás actividades dirixidas á sensibilización da comunidade educativa na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social. Ademais, atendendo á idiosincrasia do propio centro, prestarase especial atención as actividades orientadas ao rechazo da discriminación por discapacidade.

Adoptaránse as seguintes medidas:

Colaboración coa "Fundación Secretariado Gitano", facilitando o contacto coas familias e a incorporación dos rapaces e rapazas de etnia xitana aos programas pre-promociona e promociona. Trátase dun programa de loita contra a discriminación, cuxo obxectivo último é lograr que os rapaces e rapazas xitanos/as finalicen os estudos obrigatorios e continúen estudiando para lograr rebaixar as cifras de abandono prematuro dos estudos e mellorar as condicións de acceso ao mercado laboral da comunidade xitana promovendo a igualdade de oportunidades.

Celebración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Sempre que sexa posible, o centro participará nas actividades programadas para conmemorar este día polas entidades coas que colabora directamente ou con outras entidades da contorna (APAMP. Asociación de familias de persoas con parálise cerebral, Amencer-ASPACE, Fundación Menela, etc.)

Arnais destas actividades, e ao igual que se indica nos epígrafes anteriores:

O equipo de biblioteca divulgará libros cuxa temática xire en torno a non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia, condición persoal ou social ou discapacidade. Para isto, incluírá este tipo de exemplares nas maletas viaxeiras que o alumnado leva ao seu domicilio e nas recomendacións de lectura para o nadal e as vacacións de verán, e informará ao profesorado do material disponible no seu catálogo para o traballo na aula. As mestras e mestres deseñarán actividades para alcanzar as aprendizaxes marcadas polo decreto 105/2014 vencelladas á non discriminación.

Finalmente, a inclusión do alumnado das aulas de educación especial nas sesións de Educación Física, Música e Valores Sociais e Cívicos co seu grupo ordinario de referencia, así como a participación conxunta nas actividades complementarias e extraescolares son unha medida moi potente para sensibilizar a toda a comunidade educativa sobre a importancia da non discriminación.

3.1.5. MEDIDAS ORGANIZATIVAS

As medidas de carácter organizativo que posibilitan a adecuada vixilancia dos espazos e dos tempos considerados de risco, como os recreos, as entradas e saídas do centro e os cambios de clase nos corredores son as seguintes:

Nos recreos, tendo en conta as características do alumnado:

Auméntase o número de docentes de garda en relación ao mínimo establecido segundo a normativa (1 cada 25 en infantil e 1 cada 50 en primaria).

Xunto co persoal docente, fan tarefas de vixianza o persoal auxiliar técnico educativo (coidadoras/es).

Fíxanse de antemán zonas restrinxidas, zonas de atención preferente, e localización exacta das persoas de garda para evitar accidentes ou saídas do centro.

A persoa encargada de acompañar ao alumnado dende as filas ata a aula é a mestra/e que teña clase con cada grupo na cuarta hora.

As mestras/es que acompañen ao alumnado dende a aula ata o patio deben asegurarse de que o persoal de garda xa está no seu posto antes de deixar aos alumnos/as no patio.

É función das mestras de garda comprobar que todo o alumnado sube ás aulas coa mestra/e antes de finalizar a garda. En caso de incidencia, avisar ao equipo directivo.

Nos días de chuvia habilitarase o ximnasio e o corredor da planta baixa. Nestes espazos permanecerán as persoas de garda.

Do mesmo xeito, nas entradas e saídas do centro:

Auméntase o número de docentes de garda e fíxase a localización exacta das persoas de garda e as zonas restrinxidas.

Durante a permanencia de autobuses ou outros vehículos no recinto do centro unha das mestras/es de garda permanece na zona de aparcamento para garantir a seguridade do alumnado a pe.

O alumnado accede pola zona cuberta ata o edificio principal (rampla que une o aparcamento co edificio), evitando o acceso polas escaleiras.

A persoa encargada de acompañar ao alumnado dende as filas ata a aula é a mestra/e que teña clase con cada grupo na primeira hora.

É función da mestra/e que permaneza na zona de entrada-aparcamento comprobar que o portalón e o portal de entrada quedan pechados unha vez finalizada a garda.

É función das mestras/es situadas no patio de primaria comprobar que todo o alumnado sube ás aulas coa mestra/e antes de finalizar a súa garda. En caso de incidencia, avisar ao persoal directivo do centro.

A persoa encargada de entregar a cada alumno/a ao remate da xornada é a mestra/e que imparta docencia co grupo na última hora lectiva (ver persoas autorizadas para recoller ao menor).

Ante calquera demora na recollida dos/as escolares que poida producirse, as persoas encargadas avisarán ao persoal directivo do centro.

É función da mestra/e que permaneza na zona de entrada-aparcamento comprobar que o portalón e o portal de entrada quedan pechados antes

de abandonar o centro. En caso de incidencia, avisarán ao persoal directivo do centro.

É función das mestras/es situadas no edificio principal comprobar que o alumnado entra no comedor e que non se producen incidencias na recollida do alumnado.

Nos días de chuvia habilitase o corredor da planta baixa, onde permanece todo o alumnado e as persoas de garda ata a hora de inicio das clases.

Os alumnos e alumnas que accedan ao centro fóra do horario de entrada e saída deben facelo acompañados/as dunha persoa responsable autorizada e deixando constancia no caderno de rexistro situado na entrada do edificio administrativo. O profesorado de garda nese momento é o encargado de acompañar ao alumno/a á aula correspondente.

Do mesmo xeito, calquera alumno/a que precise saír do centro antes da hora prevista de saída, deberá facelo acompañado dunha persoa autorizada e deixando constancia no caderno de rexistro. A persoa encargada de recoller ao alumno/a na aula e entregalo, así como de garantir que se rexistre dita saída, e unha mestra/e que estea de garda nese momento.

Nos cambios de clase:

Son os mestres/as as persoas encargadas de cambiar de aula.

O grupo non sae aos corredores e permanece acompañado polo mestre/a que finaliza a súa sesión ata a chegada do seguinte mestre/a.

No caso de áreas nas que o alumnado cambia de espazo (por exemplo, para ir ao ximnasio ou a aula de música), ou ben o mestre/a especialista recolle e devolve á aula ao grupo de alumnos/as ou ben o titor/a desplázase co grupo. Esta queda definido ao principio de cada curso en función dos horarios do alumnado e do profesorado.

32 ACTUACIÓNS FORMATIVAS

Este epígrafe refírese ás actuacións formativas en materia de convivencia escolar, dirixidas a garantir a participación da comunidade educativa co obxectivo de mellorar a convivencia escolar e a resolución pacífica de conflitos.

Existen tres eixos fundamentais:

1. *Actuacións formativas impulsadas pola consellería* competente en materia de educación: Segundo o artigo 22 do Decreto 8/2015, a consellería impulsará estas actuacións formativas, especialmente, aquelas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre mulleres e homes e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. Neste sentido, os compromisos do centro son:
 - a. Divulgar toda a información achegada por dita consellería a través das canles establecidas de forma habitual para outras comunicacións (correo electrónico institucional para o profesorado e o persoal non docente, e circular impresa para as familias).
 - b. Facilitar a asistencia do personal do centro ás actividades de formación impulsadas pola consellería, reorganizando a xornada no caso de ausencia do profesorado durante o horario lectivo.
2. *Actuacións establecidas no marco do pian de convivencia do centro*: Son as seguintes:
 - a. Actividades recollidas nos epígrafes 3.1.1., 3.1.2., 3.1.3., 3.1.4. e 3.1.5. do presente pian.
 - b. Reunións anuais de Comisión de Coordinación Pedagóxica (CCP), Claustro e Consello Escolar nas que darase a coñecer o Pian de Convivencia aos membros da comunidade educativa que se incorporen nese curso académico, e nas que recolleranse posibles propostas de actuación para desenvolver durante o curso escolar.
 - c. Outras actividades de formación en materia de convivencia (charlas sobre violencia de xénero, obradoiros sobre ciberacoso,...) para profesorado, alumnado, familias e persoal non docente das que se teña constancia ao longo do curso e peidan traerse ao centro.

3. *Accións incluídas no pian anual de formación permanente do profesorado:*
- Como consecuencia do número de alumnado matriculado con Trastorno do Espectro Autista (TEA) e a identificación do centro como preferente para alumnado con TEA e discapacidade motora, o CEIP de Fonte Escura ven participando anualmente nos PFPP cunha formación centrada na atención a este alumnado. Un dos obxectivos fundamentais dos PFPP que se están a desenvolver é o de ser capaz de dar unha resposta eficaz á diversidade existente e favorecer a inclusión do alumnado escolarizado nas aulas específicas de educación especial co resto do alumnado do centro. Por este motivo, os PFPP, nos que participa a maior parte do claustro, inclúen formación sobre igualdade e sensibilización na non discriminación. Neste punto, a pretensión é que o maior número de docentes continúe participando nos PFPP e afondar no ámbito da educación para a cultura da paz, a igualdade, a non discriminación e a resolución pacífica de conflitos, facendorealidade a inclusión de todo o alumnado NEAE do centro.

33. PROGRAMAS DE MELLORA DA CONVIVENCIA

Este epígrafe refírese aos programas relacionados coa mellora da convivencia nos centros e aos recursos educativos.

O CEIP de Fonte Escura foi un dos centros seleccionados na resolución definitiva dos **CONTRATO-PROGRAMA 2018-2019**. Concretamente, planificando os seus recursos e desenvolvendo actuacións dentro da liña número 3 dos contrato-programa: Mellora da convivencia e promoción da igualdade nos centros.

As actuacións incluídas dentro do programa e que serán mantidas no tempo por ser consideradas de interese para a convivencia do centro son as seguintes:

- **Patio inclusive:** instalación de fechaduras no patio que permitan ao profesorado non só facer funcións de vixilancia senón tamén dinamizar os patios. Levarase a proposta a claustro para que unha ou dúas veces á semana se dinamicen os patios con profesorado voluntario que proponga xogos e actividades nos que peida participar todo o alumnado. Ademáis,

incorporaranse no patio elementos decorativos, espazos sensoriais e estruturas de xogo adaptadas que permitan a participación de todo o alumnado no tempo de lecer.

- Horta inclusiva: adaptada para o uso de todo o alumnado do centro.
- Actividades en colaboración con entidades da contorna próxima e outras institucións que colaboran co centro: residencia de maiores de Barreira, asociación veciñal cultural e deportiva de Lavadores, APAMP (Asociación de familias de personas con parálisis cerebral) e/ou outras coas que se estableza contacto nos diferentes cursos escolares.
- Actividades conxuntas intercentros, que favorezan o contacto con alumnado doutros centros.
- Obradoiros de cociña.
- Representacións teatrais cuxa temática xire en torno ás emocións, á igualdade e á convivencia.
- Actividades coas familias: festividades, contacontos, merendas conxuntas e similares.

A este programa poderán engadirse outras actuacións desenvolvidas dentro de proxectos de innovación e investigación educativa que a consellería de educación divulgue a través do seu portal educativo pola súa calidade, aplicabilidade ou interese para os centros.

En relación aos recursos didácticos, o equipo directivo difundirá a través das canles establecidas de forma habitual para outras comunicacións (correo electrónico institucional para o profesorado e o persoal non docente, e circular impresa para as familias) os materiais que a consellería de educación promova para a potenciación dos valores da cultura da paz, a prevención da violencia, a sensibilización na non discriminación por razón de raza, sexo, procedencia e condición persoal ou social, a educación emocional, a mellora da convivencia e a resolución pacífica de conflitos. No caso de materiais impresos ou en soporte físico facilitados pola consellería estas poranse a disposición do claustro na sala de profesorado docente.

34. MEDIDAS COMPLEMENTARIAS PARA A MELORA DA CONVIVENCIA

Trátase de medidas que se poden aplicar no centro para previr, detectar, mediar e resolver os conflitos que poidan xurdir, entre as cales se incluírán os compromisos de convivencia, as actuacións preventivas e que contribúan á detección da conflictividade e a conciliación ou mediación na resolución dos conflitos que puidesen xurdir, de conformidade co establecido no decreto 8/2015.

O Departamento de Orientación (DO):

- Elaborará e desenvolverá un **programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado**, como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.
- Cando algún alumno ou alumna, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, o DO elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para este alumnado. Este programa será aplicado conxuntamente co profesorado, as familias e, cando se estime oportuno, cos servizos sociais.
- Desenvolverá **programas** que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co **autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual** e a igualdade entre homes e mulleres.

35. AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

En relación coa aula de convivencia, e atendendo a normativa vixente, o presente pian establece os seguintes aspectos:

3.5.1. CRITERIOS E CONDICIÓN

A aula de convivencia inclusiva ten a "vocación de substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras" (D.8/2015- Art. 25.1). Nestes casos, "a dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a (D.8/2015- Art. 25.3).

Atendendo a casuística do centro, o presente plan de convivencia amplía os criterios e condicións polos que poderá ser utilizada a aula de convivencia inclusiva do seguinte xeito:

Un alumno/a será atendido na aula de convivencia inclusiva naquel momento no que a súa conducta sexa disruptiva e, segundo o criterio do mestre/a presente nese momento na aula, estes comportamentos imposibiliten o desenvolvemento da clase. Se este feito se produce o profesor/a na aula contactará co profesorado de garda para que acompañe ao alumno/a na súa saída da clase e cumplimentará unha folla de incidencias (**Anexo 1**) que será entregada na Xefatura de Estudos antes da finalización da xornada. A xefatura de estudos fará constar no rexistro de incidencias todas as amoestacións escritas ou verbais que impliquen o cumprimento dunha sanción por parte do alumnado e a dirección do centro comunicará ás familias o feito acaecido (**Anexo 2**). No caso de non haber profesorado de garda na sala de mestres/as no momento do incidente, ben por estar a facer unha substitución ou por ausencia no centro, contactarase coa persoa encargada da xefatura de estudos ou, no seu detecto (atópase impartindo docencia, está ausente,...), pola persoa encargada do departamento de orientación.

3.5.2. ACTUACIÓNS QUE SE DESENVOLVERÁN

O alumnado que se atopa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro como consecuencia da imposición de medidas correctoras e fai uso da aula de convivencia inclusiva permanecerá acompañado polo profesorado que se atope de garda en cada momento. De non haber mestres/as de garda dispoñibles, o xefe/a de estudos no seu horario de xefatura ou o xefe/a do departamento de orientación

farán o acompañamento. Durante o tempo que o alumno/a permaneza na aula de convivencia inclusiva convinarase o traballo curricular facilitado pola persoa titora e as persoas especialistas das distintas áreas con actividades elaboradas polo departamento de orientación co obxectivo de favorecer actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia. Buscarase a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible (Artigo 25.1 do decreto 8/2015).

No caso do alumnado que non se atopa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, o alumno/a sairá da clase con material para poder continuar co desenvolvemento da actividade que se estaba a desenvolver no momento da incidencia e, transcorrido un tempo de 10 minutos de traballo fóra, regresará á aula acompañado/a novamente do profesorado de garda ou, de non ser posible, do xefe/a de estudos ou do xefe/a do departamento de orientación. De non cesar a conducta que desencadenou a saída do alumno/a da súa aula de referencia, repetirase o procedemento. Se o alumno/a é reincidente tamén poderá combinar o traballo curricular coas actividades elaboradas polo DO. Ademais, atendendo a criterios pedagóxicos, a comisión de coordinación pedagóxica (CCP) poderá establecer outras actuacións cando estas resulten insuficientes.

3.5.3. PROFESORADO QUE ATENDERÁ A AULA DE CONVIVENCIA

Sempre que sexa posible, o profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, será o profesorado de garda. Cando isto non fose posible, e o incidente tampouco sexa coincidente co horario de xefatura de estudos, contarase coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle á persoa encargada en cada momento da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado. Se o alumno/a non leva material para traballar fóra da aula, a persoa encargada pedirá aos mestres/as implicados/as e/ou ao xefe/a do departamento de orientación dito material. As actividades de carácter curricular realizadas polo alumno/a serán entregadas ao titor/a ou ao profesor/a especialista que facilitou o material. As actividades deseñadas para favorecer actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia serán entregadas no departamento de orientación para o seu seguimento.

3.5.4. ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

As actuacións do departamento de orientación do centro estarán encamiñadas a favorecer o proceso de reflexión. Estarán dirixidas tanto ao alumnado que se atopa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro (segundo resolución da dirección e previa audiencia aos pais, nais, titores ou titoras legais) como ao alumnado que, non estando privado do seu dereito de asistencia ao centro, reincide nas condutas disruptivas que imposibilitan o desenvolvemento da clase. De apreciar esta reincidencia de condutas, substituirase a realización de tarefas relacionadas coa área na que o alumno/a saíu da clase por actividades, elaboradas polo departamento de orientación (DO), que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia. Estas actividades estarán a disposición da persoa encargada en cada momento da aula de convivencia inclusiva no despacho de orientación. A persoa encargada, coa colaboración do DO, vixiará que realice estas actividades e, posteriormente, entregaralas a persoa orientadora do centro para o seu seguimento. De non obter resultados, o xefe/a de estudos xunto co orientador/a e o titor/a do alumno/a estudarán a posibilidade de tomar algún outro tipo de medida de cara a evitar que a situación se produza.

3.5.5. HORARIO

Un alumno/a poderá acudir a aula de convivencia inclusiva en calquera momento, de luns a venres dende as 9:00 ata as 14:00 horas. A distribución horaria (horario e duración de cada sesión, recreo, hora de ler) será a mesma que para o resto do alumnado salvo que, atendendo a criterios pedagóxicos, a comisión de coordinación pedagóxica (CCP) estableza outras pautas.

3.5.6. LOCALIZACIÓN, INSTALACIÓNS E MATERIAL DIDÁCTICO

De forma xeral, as instalacións coas que conta o centro poderán ser utilizadas na súa totalidade para as actuacións enmarcadas dentro da aula de convivencia inclusiva. Non obstante, o centro non conta con aulas baleiras para o seu funcionamento polo que non existe unha localización única para esta actividade senón que utilizarase a aula ou espazo dispoñible en cada momento.

Pola súa banda, o material didáctico con que conta a aula será o facilitado pola persoa titora do alumno/a e polos mestres/as especialistas de cada área. O material específico, elaborado polo DO para favorecer o proceso de reflexión e as actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia, estará sempre a disposición no despacho de orientación.

3.6. MEDIACIÓN ESCOLAR

A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos na que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, regulados expresamente no capítulo IV do título 111 do decreto 8/2015, o CEIP de Fonte Escura utilizará, sempre que sexa posible, a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión doutros conflitos entre membros da comunidade educativa. Nestes casos non regulados expresamente no capítulo IV do título 111 do decreto 8/2015, o pian de convivencia establece que o xefe/a do departamento de orientación será o encargado/a da posta en marcha do programa de mediación, creando os equipos de mediación e formando ás persoas mediadoras.

3.6.1. DIRECTRICES PARA A CREACIÓN DOS EQUIPOS DE MEDIACIÓN

Para pór en marcha a mediación no centro establécense os seguintes pasos:

1. Explicación do que é a mediación e captación do alumnado mediador.
2. Comunicación ás familias e autorización dos mediadores/as.
3. Formación das persoas mediadoras (sempre voluntarias).
4. Elaboración de carteis e outros materiais necesarios para a posta en marcha (ficha de rexistro da mediación, preguntas para mediar,...).
5. Establecemento dos espazos para levar a cabo as mediacións.
6. Presentación do equipo de mediación ao resto do alumnado e profesorado.
7. Coordinación e seguimento do programa de mediación .

8. Avaliación do programa e recoñecemento aos mediadores/as.

Para a creación dos equipos de mediación terase en conta que:

- O equipo de mediadores/as estará formado por alumnos/as de 5º-6º.
- Organizaranse en parellas e cada parella terá asignado un día da semana.
- Excepcionalmente, poderán formar parte do equipo de mediación os alumnos e alumnas de 4º curso.

As persoas mediadoras comprométense a:

- Participar na formación sobre mediación e seguir indicacións do orientador/a.
- Cumprir coas quendas de mediación nos recreos.
- Complimentar as fichas de rexistro das mediacións.

3.6.2. CARACTERÍSTICAS DO SEU FUNCIONAMENTO

O funcionamento da mediación está baseado na participación do alumnado na resolución dos seus propios conflitos, a través do respecto, o diálogo e a toma de decisións conxuntas.

A mediación empezará a funcionar nos recreos. En cada recreo, a parella de alumnos/as asignada para ese día moverase por todo o patio. O integrantes do equipo estarán identificados cun peto ou similar. No caso de ausencia dalgún dos mediadores aos que lles corresponde a mediación no patio ese día, o titor/a informará ao departamento de orientación para a reorganización do equipo.

Durante o proceso de mediación deberán cumprirse os seguintes criterios:

- Un alumno/a debe acudir ao equipo de mediación voluntariamente e pode abandonar en calquera momento a mediación.

A persoa mediadora non pode impoñer solución, xa que a súa misión é favorecer que os alumnos/as que teñen o conflito se escoiten e atopen unha solución para resolvelo.

- A persoa mediadora debe ser neutral e non situarse a favor ou en contra de ningunha das partes.

- O que se fala durante unha mediación é confidencial e non pode comentarse con outras persoas.

Os pasos que o alumnado mediador debe seguir no momento da mediación son:

1. Acudir ao espazo destinado para tal fin.
2. Explicar as normas da mediación: respetar quenda de palabra, non insultar, tratar de atopar unha solución e comprometerse a cumprila unha vez acordada e asinada.
3. Contar o que pasou.
4. Guiar para que propoñan solucións.
5. Escribir o acordo e asinalo.
6. Realizar o seguimento do caso.

3.6.3. PAUTAS PARA DERIVAR UN CONFLICTO CARA Á MEDIACIÓN

Para derivar un caso de conflito cara á mediación é necesario que os alumnos/as implicados acudan voluntariamente.

Algúns dos conflitos que poden ser atendidos polo equipo de mediación son os relacionados coa utilización de espazos ou materiais, regras dos xogos, obxectos persoais, malentendidos ou faltas de respecto, entre outros.

Os conflitos que non son susceptibles deste tipo de mediación son os seguintes:

- Situacións de acoso escolar.
- Agresións con desequilibrio de forza ou poder importante entre as partes.
- Repetición sistemática das condutas conflitivas.
- Calquera outro que estableza o departamento de orientación no momento da posta en marcha do programa.

37. ESCOLA DE NAIS E PAIS

O artigo 27 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en

materia de convivencia escolar recolle no punto 2 que as nais e pais ou titoras e titores asumirán, entre outros, os seguintes compromisos referidos á convivencia nos centros educativos:

- a) Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou das súas fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia no contorno familiar.
- b) Desenvolver a súa potencialidade como educadores e educadoras dos seus fillos ou das súas fillas.
- c) Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores e portadoras de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.
- d) Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

Para favorecer esta participación das familias e propoer iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo crease a escola de nais e pais.

Os requisitos fundamentais para a posta en funcionamento da escola de nais e pais en cada curso escolar serán os seguintes:

- Existencia de propostas por parte da comunidade educativa (as referidas propostas serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia).
- Interese das familias en participar na proposta.
- Elevación da proposta ao consello escolar.
- Aprobación da proposta pola dirección do centro.

Ao inicio de cada curso a comisión de convivencia, en colaboración coa ANPA do centro, establecerá os mecanismos máis axeitados para recoller posibles propostas de formación e/ou actividades para desenvolver na escola de nais e pais. No caso de existir propostas, encargarse de coñecer, a través dos medios que convenga, cal é o interese das familias e a súa posible implicación e participación na proposta.

No caso de propostas de formación para as familias a xefatura de estudos contactará co Centro de Formación e Recursos (CFR) correspondente co obxectivo de solicitar o desenvolvemento de actividades de formación.

No caso doutro tipo de propostas ou de actividades de formación que non puidesen ser proporcionadas a través dos CFR será a comisión de convivencia, en coordinación coa ANPA, a encargada do seu deseño e desenvolvemento.

38. PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN E DOCUMENTOS

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia ten publicados na súa páxina web unha serie de protocolos de actuación ante diferentes situacións que se poden producir nos centros educativos.

Co fin de actuar na mesma dirección e de forma coordinada, o equipo directivo do CEIP de Fonte Escura pon a disposición de todo o persoal do centro unha copia impresa de cada un deles para que peidan ser consultados en función das necesidades xurdidas en cada momento. Son os seguintes:

- Protocolo de Protección de datos.
- Protocolo de urxencias sanitarias e enfermidade crónica.
- Protocolo de atención educativa domiciliaria.
- Protocolo para o tratamento educativo do alumnado con trastorno do espectro do autismo (TEA).
- Protocolo de consenso sobre TDAH na infancia e na adolescencia nos ámbitos educativo e sanitario.
- Protocolo para a atención educativa do alumnado coa síndrome de down e/ou discapacidade intelectual.
- Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá.
- Protocolo educativo para a prevención e o contraí do absentismo escolar en Galicia.
- Protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

- Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero.
- Protocolo de prevención, detección e intervención do risco suicida no ámbito educativo.

Pola súa importancia para a convivencia do centro, no apartado 4 do presente plan desenvólvese o protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar, que ten carácter básico, propondo as pautas de prevención, actuación e intervención que se poden adoptar para garantir a seguridade e a protección do alumnado, así como a continuidade da súa aprendizaxe; e contextualizándoo e adaptándoo ao centro e ao seu contorno.

39. OUTRAS ACTUACIÓNS COMPLEMENTARIAS

Ademais das indicadas ata o momento, poderán porse en marcha outras actuacións que, atendendo ao decreto 8/2015, a consellería competente en materia de educación desenvolva e promova para mellorar a convivencia escolar nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia:

- a) Colaboración e coordinación con outras entidades, organismos e institucións públicas ou privadas e cos medios de comunicación para pór en marcha campañas de información e sensibilización para incentivar a cultura da paz, previr a violencia e o acoso escolar.
- b) Organización de xornadas técnicas, espazos de reflexión, discusión e posta en común de aspectos relacionados coa convivencia escolar.
- c) Asesoramento para a elaboración e seguimento dos plans de convivencia nos centros docentes.

4. PROTOCOLO PARA SITUACIÓNS DE ACOSO ESCOLAR.

Neste apartado contextualízase o protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, de conformidade co establecido no artigo 30.2 da Lei

4/2011, do 30 de xuño; e referéncianse os modelos normalizados para a tramitación dos procedementos de corrección de condutas contrarias á convivencia ou, de ser o caso, para a tramitación de calquera outro procedemento en materia de convivencia.

Este protocolo ten un carácter básico e, a través deste pian de convivencia, é adaptado ao centro e ao seu contorno. Propón pautas de prevención, actuación e intervención que se poden adoptar para garantir a seguridade e a protección do alumnado, así como a continuidade da súa aprendizaxe.

Para os efectos deste pian de convivencia, e seguindo a definición recollida no artigo 28 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, *"considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medias electrónicas, telemáticas ou tecnolóxicas que teñan causan nunha relación que xurda no ámbito escolar"*. É importante, como sinala o protocolo, diferenciar o acoso escolar doutras situacións disruptivas puntuais. *"Non son acoso: meterse un co outro de xeito amigable e sen intención de facer dano ou as discusións e incluso as pelexas entre alumnado a un mesmo nivel, situados, polo tanto, nun equilibrio de forzas"*.

Para poder considerar un comportamento como acoso escolar, deben cumprirse tres criterios simultaneamente.

Intención de facer dano: debe existir unha vítima concreta, indefensa e unha persoa agresora que lle fai dano conscientemente.

Repetición das condutas agresivas: con presenza de desigualdade de poder (desquilibrio de forzas entre a vítima e a persoas agresora/s).

Duración no tempo: os comportamentos de acoso preséntanse durante un periodo longo de tempo.

A continuación desenvólvense os seguintes puntos:

Realización de campañas de sensibilización contra o acoso escolar.

- Establecemento de canles específicas que faciliten ás vítimas a exteriorización das situacións de acoso escolar.
- Determinación das medidas que deben adoptarse en caso de situación de acoso escolar.

41. REALIZACIÓN DE CAMPAÑAS DE SENSIBILIZACIÓN CONTRA O ACOSO ESCOLAR

Realizaranse campañas de sensibilización contra o acoso escolar dirixidas a toda a comunidade educativa, que axunden a previlo e a preparar para detectalo e reaccionar e intervir fronte a este. Estas campañas concréntanse nas seguintes accións:

- Para o alumnado: as persoas titoras ou, no seu defecto, os mestres/as especialistas deseñarán, atendendo ao nivel do grupo-clase, actividades de concienciación que afonden en:
 - o Tipos de acoso: exclusión e marxinação, agresión verbal, agresión física, maltrato, ciberacoso.
 - o Manifestacións do acoso: rexeitamento, humillación, ridiculización das súas opinións, burlas, xestos de asco, desprezo, agresividade, illamento, difusión de rumores e calumnias, comentarios sobre o grupo de pertenza (sexo, raza, relixión, discapacidade,...), palabras insultantes. alcumes. ameazas, provocacións. resaltar defectos físicos, descolocarles cousas, tirarlle a roupa, amago de pegarlle, empurróns, patadas, golpes, roubos, mensaxes de móbil ofensivos, utilización da imaxe sen permiso, gravacións sen permiso,...
 - o Canles para exteriorizar situacións de acoso propias ou informar sobre situacións de acoso a outras persoas.
- Para as familias: este e outros tipos de actividades de sensibilización contra o acoso escolar poderán trasladarse á escola de nais e pais, cando esta fora creada e segundo o establecido no apartado "3.7. Escola de nais e pais" deste pian.

- Para o personal do centro: o equipo directivo difundirá entre o profesorado e o personal non docente do centro tanto o protocolo para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso, como outros documentos impulsados pola consellería de educación sobre convivencia escolar e a oferta formativa nesta materia. Ademais, cando o claustro así o demande e sempre que sexa posible, solicitarase formación en materia de convivencia escolar dentro do PFPP vixente no momento da petición.

42 ESTABLECEMENTO DE CANLES ESPECÍFICAS QUE FACILITEN ÁS VÍTIMAS A EXTERIORIZACIÓN DAS SITUACIÓNS DE ACOSO

Cando un alumno ou unha alumna se sinte vítima de acoso escolar, ou ben a familia, o profesorado, o personal non docente ou algún compañeiro ou compañeira ten coñecemento ou sospeitas dunha situación deste tipo ten a obrigaón de poñelo en coñecemento da persoa ou persoas directamente responsables do menor no centro educativo, quen lle trasladará a información ao director ou directora. É imprescindible coidar a confidencialidade e a discreción nos procesos de comunicación.

Esta primeira comunicación tarase dalgunha das seguintes formas:

Alumnado: aula de titoría, comunicación verbal a un adulto, caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro.

- Familia: atención de titoría a pais/nais, comunicación verbal ao profesorado do centro ou á persoa responsable da dirección, caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro.

Profesorado: comunicación á persoa titora do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.

- Persoal de administración e servizos: comunicación ao titor/a do alumnado implicado e/ou á persoa responsable da dirección.
- Persoas alleas ao centro: comunicación directamente á persoa responsable da dirección.

Esta comunicación rexistrarase de forma escrita mediante o anexo 1 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso e o

receptor/a da información sempre informará ao director/a ou, na súa ausencia, a algún membro do equipo directivo.

4.3. DETERMINACIÓN DAS MEDIDAS QUE DEBEN ADOPTARSE EN CASO DE SITUACIÓN DE ACOSO

As medidas que se adoptarán en caso de detección dunha situación de acoso escolar para pórllle fin, sen prexuízo das correccións disciplinarias que correspondan, organízanse en 4 fases e son as seguintes:

Fase primeira: coñecemento, identificación e comunicación da situación.

Unha vez que se produce a comunicación dunha posible situación de acoso execútanse as seguintes accións:

1. Medidas urxentes oportunas de protección á presunta vítima:

establecidas pola persoa responsable da dirección do centro. Son:

- a. **Designación dunha persoa responsable da atención á vítima** de entre o persoal do propio centro (cumplimentando o anexo 2 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso). Cando sexa posible, procurarase que recaia sobre unha persoa con que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade. De non ser posible, o presente plan de convivencia establece que recorrerase á persoa titora do alumno/a. Esta persoa será convocada para recibir a información pertinente, reunión da que se redactará a acta.
- b. **Organización da supervisión e vixilancia das persoas implicadas**, especialmente naqueles lugares onde peida producirse o suposto acoso (patio ou comedor, entre outros) e de medidas cautelares que eviten o contacto entre a suposta vítima e a persoas causante/s da posible situación de acoso.

2. **Posta en coñecemento das familias:** Posteriormente, a persoa responsable da dirección do centro poñerá a situación en coñecemento das familias do alumnado presuntamente implicado, para o que empregará a vía de

comunicación máis rápida posible, transmitindo tranquilidade e buscando sempre a colaboración das familias. Paralelamente realizarase esta comunicación por escrito a través dos anexos 3 e 4 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso. Nesta comunicación, as familias do alumnado implicado deben ser informadas da situación e dos feitos denunciados e das medidas iniciais que se están adoptando provisionalmente para minimizar os feitos e evitar unha nova situación.

- 3. *Designación dunha persoa responsable das averiguacións previas:*** A dirección do centro, cando estime que é necesario clarificar os feitos denunciados de cara á posible incoación dun expediente, designará unha persoa responsable das averiguacións previas, e no mesmo nomeamento (anexo 5 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso) será convocada para recibir a información pertinente (supostos feitos, trámites realizados pola dirección do centro ata ese momento e, se os hai, partes de incidencias e medidas correctoras, datas de absentismo ou informe dos tutores/as do alumnado implicado), reunión da que se redactará a acta. Esta persoa será a encargada de comunicarse con todos os suxeitos implicados, de recadar a información necesaria e comunicarlle nunha reunión, da que se redactará a acta, á dirección do centro para proceder, cando así se estime, á incoación do expediente correspondente. Esta persoa será a responsable da tramitación do dito expediente. A persoa que desempeña esta función deberá ser nomeada entre o profesorado do propio centro. O presente plan de convivencia establece que, para o mellor desempeño desta función, recorrerase a persoa que exerce a xefatura do Departamento de Orientación no centro (DO). No caso de ciberacoso buscarase, sempre que sexa posible, unha persoa con coñecementos no uso das TIC. O seu nomeamento debe ser coñecido polo profesorado titor do alumnado implicado para favorecer a colaboración entre eles/as. Consente ao establecido no Decreto 8/2015, as averiguacións previas deberán realizarse nun prazo máximo de 2 días. A decisión sobre a incoación de expediente deberá tomarse nun máximo de 3 días (incluídas as averiguacións previas). Cando os feitos sexan claros e non se consideren necesarias as

averiguacións previas, poderá procederse directamente á incoación do expediente.

4. **Comunicación á Inspección educativa e a outros profesionais educativos e ou axentes externos:** Se se considera necesario e oportuno, a persoa responsable da dirección do centro poderá requirir a colaboración doutros profesionais educativos, de calquera membro da comunidade educativa e doutras instancias externas ao centro (sociais, sanitarias, xudiciais ...). Utilizarase o anexo 6 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso, tanto para a comunicación á Inspección educativa coma para a solicitude de colaboración doustros profesionais ou axentes externos.

Fase segunda: recollida de información e rexistro.

A información debe recollese dun xeito discreto, por escrito e a través de diversas fontes e procedementos: observación directa e vixilancia das zonas de risco para seleccionar datos sobre as características da interacción do alumnado, agresións existentes e situacións nas que se producen... Os procedementos empregados nesta fase deberán axustarse á idade e madureza dos entrevistados e garantir a confidencialidade da información facilitada. Recollerán cando menos: datos identificativos do centro e alumnado afectado, persoa que recolle a demanda, persoa que comunica a situación, recollida inicial de datos sobre o tipo e gravidade do acoso denunciado, lugares onde se produce o acoso (aínda que se producise fóra das instalacións do centro) e feitos observados.

O esquema desta segunda fase é o seguinte:

1. **Entrevista individual á presunta vítima:** realizarase en presenza dun adulto. No anexo 8 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista. En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Non obstante, o anexo poderá ser igualmente de axuda nesa fase.

2. **Entrevista individual ás persoas posible/s responsable/s do acoso:** realizarase en presenza dun adulto. No anexo 9 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista. En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Non obstante, o anexo poderá ser igualmente de axuda nesa fase.
3. **Entrevista individual ás persoas observadoras/espectadoras:** realizarase en presenza dun adulto. No anexo 10 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento desta entrevista. En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Non obstante, o anexo poderá ser igualmente de axuda nesa fase.
4. **Entrevista individual ás familias.** Nos anexos 11 e 12 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso recóllense unha serie de orientacións e preguntas tipo para o desenvolvemento da entrevista á familia da persoa acosada e á familia da persoa ou persoas posible/s acosadora/s, respectivamente. En ningún caso poderá utilizarse o que resulte desta entrevista como proba no proceso de corrección, de iniciarse este. Non obstante, o anexo poderá ser igualmente de axuda nesa fase.

Cando a persoa responsable da tramitación non sexa a persoa que ocupe a xefatura de orientación do centro, poderá solicitar asesoramento e/ou apoio técnico ao DO (anexo 13 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso).

Así mesmo, cando se considere oportuno, a persoa responsable da dirección poderá solicitar asesoramento a outros profesionais educativos como son os Equipos de Orientación Específicos e a Inspección Educativa, en calquera momento do proceso (anexo 14 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso). Ademais, nas situacións de ciberacoso pode consultarse a axentes

externos ao centro como a Axencia Española de Protección de Datos, a Policía local, Unidades de delitos telemáticos da Garda Civil e da Policía Nacional, ou outros.

Fase terceira: análise da información e adopción de medidas.

Unha vez recadada toda a información sobre os feitos acontecidos, a dirección do centro precisará se a situación detectada é ou non un caso de posible acoso e, de ser o caso, acordará:

- 1. A incoación do expediente.** As actuacións que constitúan acoso escolar considéranse condutas gravementes prexudiciais para a convivencia e non poderán ser constatadas e corrixidas sen a previa instrucción dun expediente. Unha vez iniciada a tramitación dun expediente, a persoa titular da dirección do centro notificarallo ao alumnado implicado e ás súas familias, no caso de ser menores de idade; ao servizo de Inspección Educativa; ao profesorado titor do alumnado implicado. Cando as situacións transcendan ás competencias do sistema educativo, parase en coñecemento dos servizos competentes (Policía Nacional, Fiscalía de menores, servizos sociais,...).
- 2. As medidas que cómpre adotar.** Con independencia do resultado da instrucción do expediente, unha vez rematado este, a persoa responsable da dirección do centro, ditaminará medidas de mellora educativas para o que poderá solicitar colaboración do DO e da Comisión de convivencia do centro. Entre as medidas distinguiranse:
 - a. Medidas tendentes á protección da posible vítima. Algunhas poderían ser: vixilancia específica, solicitude de colaboración familiar, asignación de persoa de apoio á vítima, reorganización do horario do profesorado, encontros periódicos para o seguimento da situación, titoría individualizada e grupal da súa clase, organización de actividades para a mellora de habilidades sociais, grupos de axuda entre iguais para acompañar á vítima ou cambio de grupo da persoa acosadora.
 - b. Medidas reeducadoras e correctoras da persoa ou persoas presuntamente agresora/s. Algunhas poderían ser: programa de habilidades sociais elaborado polo DO, procedementos conciliados para a resolución de conflitos, formación de equipas mediadores, solicitude de colaboración familiar para a vixilancia e contrai dos

fillos/as, actividades de formación sobre as consecuencias da conduta, a capacidade de empatía ou estratexias de resolución de conflitos.

- c. Medidas referidas a outros membros da comunidade educativa. Algunhas poderían ser: campañas de sensibilización e actividades de formación co grupo-clase, mellorar a implicación das familias, formación específica para o profesorado, acordar e unificar criterios de actuación de todo o claustro e persoal non docente do centro, ou promover a implicación do alumnado na xestión de determinados conflitos (alumnos/as axudantes ou mediadores).

Todo o anterior de acordo coas normas de convivencia incluídas nas normas de organización e funcionamento do centro (NOF}, coa Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa e co Decreto 8/2015, con respecto ás condutas contrarias á convivencia e as correccións que correspondan ao seu incumprimento.

Fase cuarta: seguimento e avaliación das medidas adoptadas.

A persoa directora, ou aquela en quen delegue, continuará levando a cabo un seguimento da situación coa intencionalidade de que non se volva producir. Realizaranse as seguintes accións:

1. ***Encontros periódicos:*** para comprobar se a actuación foi eficaz, especialmente coa vítima.
2. ***Información á Inspección educativa:*** do grao de consecución das medidas previstas.

Para este seguimento e avaliación das medidas adoptadas utilizarase o anexo 16 do protocolo para a Prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso.

5. RESPONSABLES, PERSOAS DESTINATARIAS E PROCEDEMENTOS PARA O SEU DESENVOLVEMENTO.

A seguinte táboa recolle a concreción, para cada unha das actuacións, das medidas ou dos programas, das persoas ou dos órganos responsables, das persoas destinatarias e dos procedementos que se van seguir para o seu desenvolvemento e execución.

Actuación, medida ou programa		Persoas ou órganos responsables	Persoas destinatarias	Procedementos para o seu desenvolvemento
Actividades de acollida	Acollida profesorado	- Xefatura de estudos	Persoal docente	Véase epígrafe 3.1.1.
	Acollida persoal non docente	- Secretaria	Persoal non docente	
	Acollida alumnado	- Persoas titoras - D.O., cando proceda	Alumnado	
	Acollida familias	- Equipo directivo - Persoas titoras	Familias	
Actividades de sensibilización	Fronte ao acoso e a intimidación entre iguais	- Profesorado - Equipas docentes (TIC, ACE, EDLG, Biblioteca)	Alumnado	Véanse epígrafes 3.1.2. e 4.1.
	Sobre igualdade entre homes e mulleres e violencia de xénero	- Profesorado (con carácter xeral) - Persoa responsable de igualdade - Equipos docentes	Alumnado	Véase epígrafe 3.1.3.
	De non discriminación	- Xefatura de estudos (coord. "Fundación Secretariado Gitano") - Equipo directivo (colaboración entidades) - Equipos docentes (Biblioteca e ACE) - Profesorado	Alumnado	Véase epígrafe 3.1.4.
Medidas organizativas	Organización espazos e tempos	- Xefatura de estudos	Persoal docente - alumnado	Véase epígrafe 3.1.5.
		- Secretaria	Persoal non docente-alumnado	
		- Responsable de comedor	Empresa comedor-alumnado	
	Integración aulas EE e ordinarias	- D.O. (departamento de orientación)	Alumnado	
	Integracións puntuais	- Profesorado	Alumnado	
	Actividades complementarias e extraescolares	- Equipo de ACE	Alumnado	
	Difusión protocolos	- Xefatura de estudos	Persoal docente	
Actuacións formativas		- Consellería (impulso) - Equipo directivo	Persoal docente Persoal non	Véase epígrafe 3.2.

		(divulgación e facilitación) - CCP, clauro e consello escolar (propostas) - Persoa coordinadora dos PFPP do centro (implementación das propostas en colaboración co CFR)	docente Famílias Alumnado	
Programas de mellora da convivencia		- Dirección - Persoas que estableza o contrato programa en vigor para cada actuación (horta inclusiva, patio inclusivo, entre outras)	Persoal docente Persoal non docente Famílias Alumnado	Véase epígrafe 3.3.
Medidas complementarias para a mellora da convivencia (programa de habilidades sociais, autoconcepto, autoestima, xestión pacífica de conflitos, dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual)		- O.O. (departamento de orientación)	Alumnado	Véase epígrafe 3.4.
Aula de convivencia inclusiva	Posta en marcha	- Profesorado	Alumnado	Véase epígrafe 3.5.
	Atención da aula	- Profesorado de garda, xefe/a de estudos, O.O.		
	Rexistro da incidencia	- Xefatura de Estudos		
	Comunicación as familias	- Dirección		
	Deseño tarefas	- O.O.		
Mediación escolar		- O.O. (departamento de orientación)	Alumnado	Véase epígrafe 3.6.
Escola de nais e pais		- Comisión de convivencia (en colaboración ANPA) - Xefatura de estudos (coord. co CFR)	Famílias	Véase epígrafe 3.7.
Protocolos e documentos		- Equipo directivo (difusión e aplicación, cando proceda) - Persoal do centro (aplicación) - Outras que estableza o protocolo	Alumnado (principalmente) Comunidade educativa	Véase epígrafe 3.8.
Outras actuacións complementarias (coordinación con entidades, organización xornadas, asesoramento, ...)		- Consellería (desenvolvemento e promoción)	Centros Comunidade educativa	Véase epígrafe 3.9.

6. NORMAS DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

No artigo 19 do Decreto 8/2015 referéncianse as normas de convivencia, indicando que teñen como obxectivo fundamental desenvolver unhas relacións positivas entre

os diferentes membros da comunidade educativa para lograr un clima escolar axeitado que facilite o logro dos obxectivos educativos e o éxito escolar.

A continuación concrétanse, de acordo con previsto na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015, os dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa relacionados coa convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación.

Dereitos de convivencia e participación das nais e pais ou das titoras ou titores (artigo 6 da Lei 4/2011):

- o A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- o A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- o A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- o A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.
- o A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.

Deberes de convivencia e participación das nais e pais ou das titoras ou titores (artigo 6 da Lei 4/2011):

- o Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- o Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- o Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.

- o Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

Dereitos de convivencia e participación do alumnado (artigo 7 da Lei 4/2011):

- o A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.
- o A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.
- o Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.
- o A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011.
- o A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

Deberes de convivencia e participación do alumnado (artigo 7 da Lei 4/2011):

- o Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.
- o Respectar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.
- o Respectar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.
- o Respectar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

- o Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.
- o Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.
- o Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.
- o Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

Dereitos de convivencia e participación do profesorado (artigo 8 da Lei 4/2011):

- o A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercido das súas funcións.
- o A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- o A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.
- o A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.
- o Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.
- o A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011.
- o A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

- **Deberes de convivencia e participación do profesorado** (artigo 8 da Lei 4/2011):

- o Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- o Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarias e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.
- o Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- o Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle impoña a normativa aplicable.
- o Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

Dereitos de convivencia e participación do persoal de administración e de servizos (artigo 9 da Lei 4/2011):

- o A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercido das súas funcións.
- o A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.
- o A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.
- o Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

- o A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV da Lei 4/2011.

Deberes de convivencia e participación do persoal de administración e de servizos (artigo 9 da Lei 4/2011):

- o Respetar e colaborar, no exercido das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.
- o Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.
- o Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.
- o Gardar sigilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

A continuación recóllense as **normas de convivencia do centro**, que concretan os dereitos e deberes do alumnado, establecen as condutas contrarias á convivencia e as correccións que lle correspondan polo seu incumprimento, de acordo co previsto na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015. As accións que o alumnado debe pór en práctica son:

1. Ser correcto/a e respectuoso/a cos compañeiros/as, profesorado e persoal non docente do centro.
2. Asistir ás clases con puntualidade, tanto ao inicio da xornada como despois do recreo. O alumnado accederá ao edificio principal pola porta sinalada segundo o seu curso. No momento de entrada (co timbre) fará unha fila no lugar sinalado e esperará a que o profesor/a encargado/a o acompañe ata a aula.

3. Traer o material necesario para o correcto desenvolvemento das clases e a vestimenta adecuada para a participación nas sesións de educación física.
4. Manter unha hixiene persoal axeitada.
5. Disfrutar dos tempos de lecer nos espazos habilitados para tal fin, evitando as zonas restrinxidas. Salvo indicación expresa, durante o recreo non permanecer nas aulas nen nos corredores, utilizar os aseos da planta baixa ou do ximnasio nos días de chuvia, e non acceder a zona de aparcamento, horta ou parte traseira do edificio.
6. Comer nos momentos e lugares indicados polos mestres/as.
7. Facer un bo uso dos materiais e das instalacións. Non correr por corredores e escaleiras.
8. Contar co permiso previo do profesor/a para utilizar o ascensor que, en todo caso, responderá a unha razón suficientemente xustificada (lesión que imposibilite o uso da escaleira, por exemplo).
9. Contar co permiso previo do profesor/a para abrir as fiestras e persianas e para utilizar os ordenadores e pantallas.
10. Consultar a posibilidade de utilización de espazos con risco obxectivo tales como as espaldeiras, o rocódromo, a corda suspendida do teito ou a escaleira horizontal do ximnasio e facelo sempre baixo supervisión.
11. Xogar con balóns, discos veladores, monopatíns ou similares nas zonas exteriores, evitando o interior do edificio.
12. Deixar o mobiliario e material recollido ao finalizar a xornada escolar. Así mesmo, deixar recollido o material utilizado durante os tempos de lecer unha vez finalice ese período.
13. Permanecer no recinto escolar durante toda a xornada. Os alumnos e alumnas que teñan que abandonar o centro deberán facelo acompañados/as dunha persoa responsable autorizada e deixando constancia no caderno de rexistro situado na entrada do edificio administrativo.
14. En caso de utilizar o transporte escolar e/ou o comedor, seguir as indicacións do persoal responsable dos servizos. Acceder directamente ao recinto ao baixar do transporte e subir ao autobús no mesmo momento que se indique.

15. Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Cando, excepcionalmente e como ferramenta pedagóxica, se permita o uso de dispositivos electrónicos serán utilizados baixo a supervisión continua do profesorado.

Como parte do protocolo que contribúa á detección do incumprimento das normas de convivencia, todo o persoal do centro supervisará os comportamentos do alumnado. As persoas titoras farán un especial seguimento do cumprimento das normas de convivencia do alumnado ao que titoriza.

No seguinte apartado establécense ás condutas contrarias á convivencia, as medidas correctoras no caso de incumprimento e as persoas responsables da aplicación de cada medida.

7. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E CORRECCIÓNS.

Nas seguintes táboas recóllense de forma esquemática:

As condutas contrarias á convivencia.

As correccións que lle correspondan polo seu incumprimento.

De ser o caso, estas correccións aplicaranse de conformidade co previsto na Lei 4/2011 e no Decreto 8/2015.

7.1. CONDUCTAS GRAVEMENTE PREXUDICIAIS E CORRECCIÓNS

Codutas contrarias á covivencia: Gravemente prexudiciais (Artº 38º do D.8/2015)	Medidas correctoras (Artº 39º do D.8/2015)	Responsable da aplicación das medidas (Artº 41 do D.8/2015)
a) Agresións físicas ou psíquicas, as inxurias e as ofensas graves, as ameazas e as coaccións contra os demais membros da comunidade educativa.	a) Realización, dentro ou fóra do horario lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e ao desenvolvemento das actividades do centro.	
b) Actos de discriminación grave contra membros da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, orientación e identidade sexual, capacidade económica, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas, discapacidades físicas, sensoriais ou psíquicas, ou calquera outra condición ou	b) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de entre	

circunstancia persoal ou social.	dúas semanas e un mes.	1
c) Os actos individuais ou colectivos de desafío á autoridade do profesorado e ao persoal de administración e de servizos que	c) Cambio de grupo.	A dirección do centro,
constitúan unha indisciplina arave. d) Aggravación, manipulación ou difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a dignidade da persoa, a intimidade persoal e familiar e a propia imaxe dos demais	d) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de entre catro días lectivos e dúas semanas. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado	por proposta da persoa que instrúa o procedemento corrector.
membros da comunidade educativa	deberá realizar os deberes ou	
e) As actuacións que constitúan acoso escolar consente o establecido polo artigo 28 da Lei 4/2011	traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	
f) A suplantación de personalidade en actos da vida docente e a falsificación, alteración, <u>ou subtracción de documentos académicos.</u>	e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá	
g) Os danos graves causados de forma intencionada ou por negligencia grave ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipamentos informáticos e o software, ou aos bens doutros membros da comunidade educativa, <u>ou de terceiros, así como a súa subtracción.</u>	realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	
h) Os actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro, incluídas as de carácter comolementario e extraescolar.	f) Cambio de centro.	
i) As actuacións gravemente prexudiciais para a saúde e integridade persoal dos membros da comunidade educativa do centro ou a incitación a elas.		
j) Portar calquera obxecto, substancia ou produto gravemente perigoso para a saúde ou integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa. En todo caso, reputarase		
indisciplina grave a resistencia ou negativa a entregar os obxectos a que se retire o punto terceiro do artigo 11 da Lei 4/2011 cando é reaurido para iso polo profesorado.		
k) A reiteración, nun mesmo curso escolar, <u>de condutas leves contrarias á convivencia.</u>		
l) O incumprimento das sancións impostas. Artigo 39. 2. Condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas	e) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de entre catro días lectivos e un mes. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	
	f) Cambio de centro.	

7.2. CONDUCTAS LEVEMENTE PREXUDICIAIS E CORRECCIÓNS

Codutas contrarias á convivencia: Levemente prexudiciais (Artº 42º do D.8/2015)	Medidas correctoras (Artº 43º do D.8/2015)	Responsables da aplicación das medidas (Artº 44 do D.8/2015)
<p>a) As condutas tipificadas no punto anterior (7.1.) como agresión, inxuria ou ofensa na alínea a), os actos de discriminación da alínea b), os actos de indisciplina da alínea c), os danos da línea g), os actos inxustificados da alínea h) e as actuacións prexudiciais descritas na alínea i) que non alcancen a gravidade requirida no dito precepto.</p>	<p>a) Amoestación privada ou por escrito.</p> <p>b) Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados.</p> <p>c) Realización de traballos específicos en horario lectivo.</p>	<p>O profesorado do alumno/a</p> <p>oído ao alumno/a e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos</p> <p>Nota: tamén pode o titor/a, o xefe/a de estudos ou o director/a</p>
<p>b) Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro que sexa perigoso para a saúde ou integridade persoal do alumnado ou dos demais membros da comunidade educativa, ou que perturbe o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares, cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia.</p>	<p>d) Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.</p>	<p>A persoa titora do alumno/a,</p> <p>oído ao alumno/a e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos</p> <p>Nota: tamén pode o xefe/a de estudos ou o director/a</p>
<p>c) A falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade.</p>	<p>e) Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias do centro por un período de ata dúas semanas.</p> <p>f) Cambio de grupo por un período de ata unha semana.</p>	<p>A xefatura de estudos ou a dirección do centro,</p> <p>oídos ao alumno/a, e o seu profesor/a ou titor/a.</p>
<p>d) A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento precisos para participar activamente no desenvolvemento das clases.</p> <p>e) As demais condutas que se tipifican como tales nas normas de convivencia do centro.</p>	<p>g) Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou os traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.</p> <p>h) Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo</p>	<p>A dirección do centro,</p> <p>oídos o alumno/a e o seu profesor/a ou titor/a</p> <p>A imposición destas medidas correctoras comunicárase á nai ou ao pai ou á titora ou titor legal da alumna ou alumno antes de que estas se fagan efectivas, así como á comisión de convivencia do centro.</p>

8. NORMAS PARA O FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA.

A actual comisión de convivencia do centro constitúese no seo do consello escolar na reunión celebrada o 29 de xaneiro de 2019.

A súa **composición** é a seguinte:

- Persoa titular da dirección do centro: Cristina Garagorri Gutiérrez.
- Representantes do profesorado: Alejandra Cagigao Bautista, María Lourdes Abellán Ruiz, María Inés Táboas Pais.
- Representantes das familias: Alejandra Lis Alonso, Roberto Villar Rodríguez, María Jesús Álvarez Lago.
- Representantes do persoal de administración e servizos: Ana María Cuquejo González.

A **periodicidade das reunións** será, alomenos, de:

- Tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre.
Con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

A comisión de convivencia do centro terá en conta as seguintes **normas específicas para o seu funcionamento:**

- Cristina Garagorri Guitiérrez presidirá a comisión. Será a persoa encargada de convocar aos integrantes da mesma ás reunións.
- María Inés Táboas Pais será a persoa integrante da comisión que actuará como secretaria e levantará acta das súas reunións.
- As convocatorias de reunión enviaranse por correo electrónico. Faranse preferentemente a través do correo electrónico corporativo (@edu.xunta.es) ou, no caso dos membros que non dispoñen deste correo, da dirección de correo electrónico facilitado por cada membro ao centro educativo.

Atendendo ás funcións da comisión de convivencia recollidas nos puntos 4.a) - 4.i) do artigo 6 do Decreto 8/2015, o **plan de actuación** será o seguinte:

Pian de actuación da comisión de convivencia	
Momento	Actuación
Primeira reunión do curso (1º trimestre)	<ul style="list-style-type: none"> - Dinamizar o pian de convivencia en todos os sectores da comunidade educativa (a) - Adoptar [pór en marcha] as medidas preventivas para garantir dereitos e cumprimento das normas de convivencia (b) - Impulsar [pór en marcha] as accións dirixidas á promoción da convivencia, especialmente á igualdade entre mulleres e homes, á igualdade de trato e á resolución pacífica de conflitos (c) - Recoller posibles propostas de formación e/ou actividades para desenvolver na escola de nais e pais e, segundo o tipo de propostas, deseñalas e desenvolvealas (véase apartado 3.7. do presente pian de convivencia) - Concretar para o curso que se inicia cal será a persoas responsable/s do seguimento dos compromisos de convivencia e o procedemento/s para dito seguimento. Un membro de cada sector (profesorado, persoal de administración e servizos, familias) recollerá periódica e sistemáticamente información de cada un destes sectores para a súa análise, valoración e propostas de mellora. - Concretar para o curso que se inicia cal será a persoas responsable/s do análise da convivencia e conflictividade no centro e o procedemento/s para dito análise.
Reunión 2º trimestre	<ul style="list-style-type: none"> - Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia (g) - Dar conta ao consello escolar das actuacións desenvolvidas (2 veces no curso) (d) <p><i>Só se <u>procede</u>:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Dar conta ao consello escolar das correccións e medidas disciplinarias impostas (2 veces no curso) (d) - Prooor ao consello escolar medidas para mellorar a convivencia (d)
Ultima reunión do curso (3º trimestre)	<ul style="list-style-type: none"> - Elaborar unha memoria anual sobre a análise da convivencia e conflictividade no centro e trasladar este informe ao consello escolar e ao servizo territorial de Inspección Educativa (h) - Dar conta ao consello escolar das actuacións desenvolvidas (2 veces no curso) (d) <p><i>Só se <u>procede</u>:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Dar conta ao consello escolar das correccións e medidas disciplinarias impostas (2 veces no curso) (d) - Incorporar de iniciativas e achegas no proceso de reelaboración do pian de convivencia (a)
Outras reunións ao longo do curso	<p><i>Só se <u>procede</u>:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> - Incorporación de iniciativas e achegas no desenvolvemento e seguimento do pian de convivencia (a) - Propor á dirección persoas para o equipo de mediación (e) - Coñecer as correccións e medidas correctoras impostas e informar ao consello escolar sobre o se cumprimento (f) - Aqueloutras encomendadas polo consello escolar ou órgano da Administración educativa (i)

En relación a aula de convivencia inclusiva, a comisión de convivencia poderá achegar iniciativas e propostas para mellorar o funcionamento desta aula.

En relación a escola de nais e pais, a comisión de convivencia será a encargada de, ao inicio de cada curso escolar e en colaboración coa ANPA do centro, establecer os mecanismos máis axeitados para recoller posibles propostas de formación e/ou actividades para desenvolver na escola de nais e pais. No caso de existir propostas, encargarse de coñecer, a través dos medios que convenga, cal é o interese das familias e a súa posible implicación e participación na proposta.

Ademáis, no caso do propostas ou actividades que non puidesen ser proporcionadas a través dos CFR será a comisión de convivencia, en coordinación coa ANPA, a encargada do seu deseño e desenvolvemento. Finalmente, as propostas recollidas dende os diferentes membros da comunidade educativa serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.

9. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNA.

Para favorecer a coordinación e colaboración interna no centro, coas familias e con outros centros educativos ou organismos do contorno establécense os seguintes mecanismos:

1. **Equipo directivo - profesorado:** a través das reunións do claustro, da CCP (Comisión de Coordinación Pedagóxica) e doutras reunións informativas o equipo directivo informará, ao inicio do curso e tantas veces como sexa preciso ao longo do mesmo, das actuacións, medidas e programas a desenvolver como parte do pian de convivencia e das persoas ou equipos docentes responsables das mesmas.
2. **Profesorado - equipo directivo:** no horario de dirección ou xefatura de estudos, un profesor/a ou a persoa coordinadora dos diferentes equipos docentes (Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares (ACE), equipo de TICs, equipo de biblioteca, equipo de dinamización da lingua galega (DLG), ou calquera outro que fóra constituído) comunicará ao equipo directivo calquera proposta de actividade para a súa aprobación de forma previa á súa posta en marcha. Esta comunicación será verbal e, preferiblemente, acompañada polo deseño e organización da actividade que propón de forma escrita. Polo mesmo mecanismo, informará de calquera outra cuestión en materia de convivencia escolar.
3. **Profesorado - profesorado:** a colaboración e coordinación realizarase a través das reunións de claustro e CCP, pero tamén a través das reunións dos equipos de nivel e outros equipos (ACE, TICs, DLG, Biblioteca, ...).
4. **Persoal de administración e servizos (PAS) - equipo directivo:** no horario de dirección ou secretaría, unha persoa do PAS comunicará ao equipo

directivo calquera cuestión en materia de convivencia. Esta comunicación poderá ser verbal ou escrita, en función do seu contido, gravidade, etc.

5. **Comisión de convivencia - consello escolar:** Cando se celebre unha reunión da comisión de convivencia, a persoa que preside esta comisión, ou calquera outro membro cando así se acorde no seo da comisión, informará ao consello escolar na seguinte reunión do consello da celebración de dita reunión e do seu contido. No caso en que se estime que o tempo que vai transcorrer entre a reunión da comisión de convivencia e a reunión do consello escolar é excesivamente longo, esta información realizarase a través do correo electrónico.
6. **Comisión de convivencia - profesorado:** Cando se celebre unha reunión da comisión de convivencia, a persoa que preside esta comisión, ou calquera outro membro cando así se acorde no seo da comisión, informará ao profesorado na seguinte reunión do claustro da celebración de dita reunión e do seu contido. No caso en que se estime que o tempo que vai transcorrer entre a reunión da comisión de convivencia e a reunión do claustro de profesores/as é excesivamente longo, esta información realizarase a través do correo electrónico corporativo (@edu.xunta.es).
7. **Comisión de convivencia - PAS:** Cando se celebre unha reunión da comisión de convivencia e o contido da mesma afecte ao persoal de administración es servizos, a persoa que preside esta comisión, ou calquera outro membro cando así se acorde no seo da comisión, informará ao PAS. Nos casos en que se estime oportuno, esta información realizarase a través do correo electrónico corporativo (@edu.xunta.es).
8. **Comisión de convivencia - Familias:** Cando se celebre unha reunión da comisión de convivencia, un membro da comisión representante de pais/nais, será o encargado de informar ao ANPA da celebración de dita reunión e do contido da mesma.
9. **Profesorado - familias:** A coordinación e colaboración coas familias realizarase, principalmente, a través de dous mecanismos: tutorías presenciais (no horario establecido e con cita previa) e axenda do alumno/a.
10. **Familias - profesorado:** A colaboración das familias realizarase, principalmente, a través de dous mecanismos: tutorías presenciais (no horario establecido e con cita previa) e axenda do alumno/a.

11. **Centro educativo - familias:** Ademáis dos mecanismos indicados anteriormente (ANPA, titorías presenciais ou axendas do alumno/a), o centro utilizará para a notificación por escrito o envío de circulares ás familias. Nos casos nos que sea preciso unha coordinación ou colaboración na maior brevidade posible poderase utilizar a comunicación vía telefónica. Así mesmo, naqueles casos que así o requira a normativa, utilizarase o correo certificado.
12. **Familias - centro educativo:** Ademáis dos mecanismos indicados anteriormente (titorías presenciais ou axendas do alumno/a), as familias poderán comunicarse ou colaborar co centro a través do ANPA, acudindo ao centro no horario de dirección, a través das canles previstas na normativa ou por escrito a través da caixa de reclamacións, queixas e suxestións do centro.
13. **Centro educativo - outros centros educativos:** A colaboración e coordinación con outros centros educativos levarase a cabo a través da dirección do centro. Para facilitar esta coordinación e colaboración, cando o estime oportuno a persoa titular da dirección do centro poderá encomendar esta tarefa a outro membro do equipo directivo, á xefa do departamento de orientación ou a outro persoal docente ou non docente. Os mecanismos para dita colaboración serán os acordados con cada centro.
14. **Centro educativo - organismos do contorno:** A colaboración e coordinación con outros organismos do contorno levarase a cabo a través da dirección do centro. Para facilitar esta coordinación e colaboración, cando o estime oportuno a persoa titular da dirección do centro poderá encomendar esta tarefa a outro membro do equipo directivo, á xefa do departamento de orientación ou a outro persoal docente ou non docente. Os mecanismos para dita colaboración serán os acordados con cada organismo.
15. **Departamento de orientación - profesorado:** farase a través das reunións convocadas pola persoa responsable da xefatura do departamento de orientación, tanto conxuntamente con todos os membros que pertencen ao departamento como con reunións puntuais con algúns mestres/as. Tamén poderá utilizarse o correo electrónico corporativo (@edu.xunta.es) como mecanismo de coordinación.
16. **Profesorado - departamento de orientación:** no horario de orientación, todo o profesorado poderá comunicar á orientadora calquera cuestión en

materia de convivencia escolar. O departamento de orientación (DO) facilitará o asesoramento e a colaboración precisa.

17. **Departamento de orientación - familias:** o DO utilizará a notificación por escrito ás familias para solicitar a súa colaboración ou coordinarse no desenvolvemento dalgunhas accións. Nos casos nos que sea preciso unha coordinación ou colaboración na maior brevidade posible poderase utilizar a comunicación vía telefónica. Así mesmo, naqueles casos que así o requira a normativa, utilizarase o correo certificado.
18. **Familias - departamento de orientación:** As familias poderán comunicarse ou colaborar co departamento de orientación, acudindo ao centro no horario de orientación. solicitando unha reunión coa orientadora ou, para cuestións puntuais e de pouca trascendencia, vía telefónica.
19. **Departamento de orientación - equipo directivo:** atendendo á importancia do departamento de orientación (DO) neste centro, a colaboración e coordinación entre o DO e o equipo directivo debe ser fluída e constante, especialmente coa xefatura de estudos e a dirección. Os encontros serán diarios e os mecanismos de colaboración serán tanto o traballo conxunto asiduo como o continuo traspaso de información en relación as accións propostas, deseñadas, desenvolvidas e/ou avaliadas.

10. ESTRATEXIAS DE DIFUSIÓN.

As estratexias para realizar a difusión do pian de convivencia son:

- O equipo directivo levará a cabo as seguintes actuacións:
 - o Presentar o pian de convivencia a todo o profesorado ao inicio do curso (en claustro ordinario ou extraordinario).
 - o Presentar o pian de convivencia ao persoal de administración e servizos (reunión co persoal non docente).
 - o Pór a disposición de todo o persoal do centro unha copia impresa para a súa consulta durante todo o curso.
 - o Publicar o pian de convivencia na páxina web do centro.
 - o Difundir as normas de convivencia: presentalas ao profesorado e ao persoal non docente, pór a disposición unha copia impresa para a súa consulta, publicalas na web do centro.

- As persoas titoras:
 - o Difundirán as normas de convivencia e as principais actuacións do pian de convivencia entre o alumnado do seu grupo e as súas familias, sobre todo nos primeiros días de clase e nas reunións de principio de curso, respectivamente.
- A comisión de convivencia:
 - o Informará ao consello escolar sobre o pian de convivencia: ao inicio do curso, ao longo do curso (cada vez que se reúna) e ao final.
 - o Informará a ANPA do centro sobre o pian de convivencia: ao inicio do curso, ao longo do curso (cada vez que se reúna) e ao final.
- As persoas ou órganos responsables das diferentes actuacións, medidas ou programas recollidos no pian de convivencia:
 - o Elaborarán folletos, trípticos, carteis ou similares, coa finalidade de difundir entre toda a comunidade educativa ás accións que se están a desenvolver ao longo do curso como parte do pian de convivencia.
- A consellería con competencias en materia de educación:
 - o Facilitará a difusión, por diferentes medios, das boas prácticas educativas en materia de convivencia escolar.
 - o Impulsará o recoñecemento e a difusión das actuacións, dos programas e das medidas para a mellora da convivencia escolar que os centros educativos leven a cabo coa participación dos membros da súa comunidade educativa.

11. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA.

Para establecer os **mecanismos e indicadores** para facer o seguimento e a avaliación do pian de convivencia, empréganse os criterios recollidos nas "orientacións sobre o pian de convivencia do centro educativo" facilitadas pola consellería de educación, universidade e formación profesional:

CRITERIOS	PUNTUACION (0-10)	ASPECTOS A CONSIDERAR
Evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior. Moi negativa. O Moi positiva: 10		► Existen informes anuais nos que se recollan clasificados os conflitos detectados? ► Como se considera a evolución do número, tipo e gravidade dos conflitos respecto do curso anterior? * Os obxectivos do pian de convivencia determinanse a partir de informes anuais e outras evidencias contrastables?

Alcance do plan de convivencia. Non hai plan: O Alcance moi amplo:10		.. Recolle valores e actitudes (acolllida, coeducación, competencia social, comunicación, educación emocional, educación para a paz, inclusión, mediación, símbolos identitarios)? • Recolle resolución de conflitos (absentismo, conflitos leves, conflitos graves)? .. Afecta á organización escolar (estrutura e xestión dos recursos, participación, normas) ?
Cumprimento dos obxectivos propostos no plan de convivencia. Non se cumpriu ningún- O Cumpríronse todos:10		• Alcanzáronse os obxectivos propostos no plan de convivencia? • O plan de convivencia deu resposta a aspectos que inciden na convivencia escolar nos tres ámbitos de actuación :aula centro e contorno?
Renovación do plan de convivencia. Non se renova: O Renóvase anualmente:10		• Existe un procedemento de renovación anual do plan de convivencia? • O plan avaliase anualmente e fanse propostas de mellora?
Desenvolvemento das actividades incluídas no plan de convivencia. Non se desenvolveu ningunha: O Desenvolvéronse todas: 10		• Faise un seguimento periódico do plan? As actividades desenvólvense coa temporalización prevista? • O desenvolvemento das actividades produciu os efectos esperados?
Implicación no plan dos diferentes sectores da comunidade educativa. Non hai implicación: O Implicación total: 10		• Cal é o grao de implicación do profesorado na prevención e resolución de conflitos? .. Cal é o grao de implicación do persoal de administración e servizos na prevención e resolución de conflitos? • Implicouse o alumnado nas actuacións de mediación? • Cal foi o grao de colaboración das familias nas diferentes actuacións de corrección levadas a cabo no centro?
Funcionamento da comisión de convivencia do centro Moi deficitario: O Excelente:10		► Cantas veces se reuniu ao longo do curso? ► Cales foron os principais temas tratados? ► Realizou o seguimento do plan de convivencia? • Colaborou na planificación de medidas preventivas e na resolución de conflitos no centro?
Coordinación dos órganos do centro para a mellora da convivencia Non existiu coordinación: O A coordinación foi moi alta: 10		► Existe a figura de coordinador da convivencia no centro? ► Dáse resposta ás súas necesidades formativas? • Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento das actividades previstas no plan de convivencia? • Cal foi a colaboración do/a xefe/a de estudos, dos/as titores/as e da comisión de coordinación pedagóxica co departamento de orientación no desenvolvemento na aplicación do plan de acción tutorial? • Cal foi o grao de colaboración e coordinación do departamento de orientación e o EOE?
Actividades formativas para membros da comunidade educativa dirixidas á mellora da convivencia Non existen: O Fíxéronse un gran número: 10		• Realizáronse actividades formativas dirixidas á mellora da convivencia? • Cal foi a resposta e a implicación nas actividades dos diferentes sectores da comunidade educativa?
Existencia, e coñecemento, de protocolos propios de actuación en situacións de conflito, incluíndo condutas reprobables acaecidas fóra das aulas, en función de características específicas Non existen: O Existen e aplícanse con eficacia:10		• Existen protocolos claros e definidos de actuación? • Recóllense nestes os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? Existe un procedemento de actualización dos protocolos? Os ditos protocolos son coñecidos e as versións actualizadas están á disposición de todos os membros da comunidade educativa afectados por eles?
Existencia, e coñecemento, de protocolos de actuación encamiñados á detección, prevención e tratamento de situacións de acoso Non existen- O Existen e aplícanse con eficacia:10		• Existen protocolos claros e definidos de actuación? ► Inclúen estes protocolos o illamento ou baleiro social e o acoso informático? • Recóllense neles os documentos nos que o profesorado formalice por escrito os feitos constatados? • Os ditos protocolos son coñecidos por todos os membros da comunidade educativa? • A dirección do centro nomea a unha persoa responsable da atención á vítima?
Existencia dun protocolo de funcionamento da aula de convivencia inclusiva. Non existe: O Existe e é moi eficaz: 10		• Existe un protocolo? • Hai profesorado nomeado especificamente para a organización e atención da aula de convivencia? • Está elaborado, e utilízase na aula de convivencia, un cromograma de habilidades sociais?
Existencia de procedementos conciliados de resolución dos conflitos. Non existen: O Existen e aplícanse con eficacia: 10		• Existe máis dun procedemento conciliado de resolución de conflitos de convivencia? ► O alumnado e as familias solicitan utilizar procedementos conciliados? • Cando se utilizaron os ditos procedementos favoreceron a resolución do conflito?
